

PREGÓN FESTA TINTA FEMIA 2022

- Isabel Patoriza Santos -

Bos días veciños e veciñas de Cela e demais amantes do viño Tinta Femia. Benvidos a esta nova edición da Festa do Tinta Femia.

Gustaríame comezar dando as grazas aos organizadores e en especial a Fernando pola amable invitación. É admirable a labor que a Asociación de viticultores San Martiño leva a cabo para que este legado e tradición perdure no tempo e poida así chegar ás futuras xeración.

A dicir verdade, cando Fernando me convidou o principio tiven dúbidas, basicamente por timidez e pola limitada oratoria visto os pregoeiros que me precederon. Pero tras pensalo, decidín aceptar e vouvos a contar o por que. En primeiro lugar porque a pesar de vivir en Vigo dende fai case 20 anos, eu son e síntome de Cela e recibir esta invitación é un honor e aceptala e case o meu deber. En segundo lugar, ata o de agora una única muller foi pregoeira da Festa do Tinta Femia. Eu sei que Fernando e a Asociación de viticultores están facendo un esforzo para cambiar isto e darlle así maior visibilidade a muller. E neste momento teño a ocasión perfecta para facer o recoñecemento que merece ao labor das mulleres de Cela como colleiteiras. Porque se todos nos, aquí e agora, botamos unha ollada atrás no tempo, 20, 30 ou 40 anos nos daríamos conta que en moitas casas de Cela eran as mulleres as encargadas de levar acabo todas as tarefas asociadas a colleita do viño: a poda, a ata, a 1^a, 2^a, 3^a...man de sulfato, a cava fonda e a non fonda, a vendima, a produción, o trasego,... e volta a empezar....

Eu son do "Cabodabaixo", do barrio de Castrelo, e lémbrome de mulleres como a miña avoa a Parada e de miña nai Carmen e tamén das nosas veciñas; Fita de Paredes, Consuelo de Francisca, Rosario e Marina de Freire, Amelia de Freire, Carmela e Lidia da Candiña, Son de Piñeiro, "Sensión" de Valente, Amelia de Freire, a tía Mucha de Inés e a de Xoalde, Celia de Amieiro, e un largo etc. Nombráralas todas suporía encher follas e follas dun caderno. A labor de todas elas foi fundamental para que este legado material e inmaterial perdurase ata o día de hoxe.

Tamén e o momento de recoñecer, nos tempos que corren, o traballo e tesón dos veciños e veciñas que seguen coidando e mimando as viñas desta variedade de uva, tan delicada e o mesmo tempo tan brava no paladar. Moitos destes colleiteir@s a pesar dos achaques físicos propios da súa idade ou de que non poidan bebelo (ou bebelo tanto como lles gustaría) por prescripción médica. Con todo, seguen facendo viño moitas veces polo pracer de compartirlo en familia e amigos. Porque o Tinta Femia é o maior tesouro que se reserva en moitas casas de Cela para as celebracións e festas, para sacalo os domingos cando veñen os amigos ou simplemente para regalar.

Nestas últimas semanas, co fin de preparar este pregón, comecei a pensar onde e cando o Tinta Femia se cruzaba na miña vida, e dinme conta que teño recordos e vivencias na nenez, adolescencia e na madurez que sen dúbida foron esculpindo a miña personalidade. Contan as malas ou boas linguas que sendo ben nena, eu non me lembro, limpaba e relamía cuncas e carolinos de viño. Do que sí me lembro é de beber o zume da uva recen pisada ou da lagareta e de como a miña nai nos avisaba de non beber moito por mor de coller cagarria. Tamén me lembro deses primeiros calambrazos de acidez que recorrían o corpo cando comía un acio de Tinta Fémia, para min a miña uva favorita.

Tamén me lembro de ben pequena de querer vendimar o Tinta Femia e non deixarme porque había que escoller ben os acios, porque vaia uva más delicada.... Pero despois sucedeu o contrario, cando eu xa sabía escoller os acios eu non quería, prefería a uva de "Catalan" ou "Jaque" cos que enchía tinas a gran velocidade. Que boas tardes de setembro pasamos vendimando, as veces só os da casa, pero era mais divertido cando viña algún familiar, veciño ou amigo. Esas merendas, esas risas, esas historias debaixo da viña.... Lémbrome da preocupación que reinaba na casa cando atacaba o "Mildeu" ou cando chovía cando non tiña que chover, de da alegría cando a colleita era boa ou o viño era gabado polos veciños. Esas botellas que se baleiraban una detrás doutra nas festas de Cela, e como se repartía o viño nas festas dos "Mozos" e se rivalizaba cos de Ardán.

Como ben dicía Francisco Rodríguez Pastoriza no seu pregón de fai poucos anos: "Amigos, o viño lévase ben coa historia, porque o viño garda a historia dos nosos sentimientos, a memoria das nosas emocións".

Con todo isto, so me queda agradecer a vosa presenza hoxe aquí e oxalá que esta Festa do Tinta Femia perdure durante moitos anos. Agora a disfrutar do viño, da comida e da boa compañía.

Grazas a todos e todas!

Viva Cela e Viva o Tinta Femia!